



INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (Expte: VI-M-01-2018)

Pola Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo achégase escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta do 15 de febreiro de 2019, no que se solicita informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Xunto coa petición de informe achégase a memoria funcional e económica e a acta previa de negociación coas organizacións sindicais correspondentes á reunión do 4 de outubro de 2018.

Non consta no expediente, segundo o disposto no artigo 41.2.E.a) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa á presente proposta de modificación da RPT.

De conformidade co establecido no artigo 22.2 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, emítese o seguinte:

INFORME:

Primeiro.- O Decreto 97/2014, do 24 de xullo, establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 147, do 5 de agosto). Sinalándose que para o desempeño das súas funcións, o IGVS terá a seguinte estrutura orgánica:

- O/A presidente/a.
- O Consello Reitor do IGVS.
- A Dirección Xeral.
- A Secretaría Xeral.
- As direccións técnicas:
 - A Dirección Técnica de Xestión do Patrimonio, Fianzas e Inspección.
 - A Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade.
 - A Dirección Técnica de Xestión Económica e Orzamentos.
 - A Dirección Técnica de Fomento.
- As xefaturas territoriais.
- As áreas provinciais

Segundo.- A vixente relación de postos de traballo do Instituto Galego da Vivenda e Solo foi aprobada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de decembro de 2014 polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto





Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de 2015).

Terceiro.- A modificación da RPT formulada incide basicamente, nos seguintes puntos:

1º.-Adáptanse os postos de traballo aos Corpos/escalas previstos nas disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia.

Esta adaptación supón a eliminación dos méritos e titulacións de moitos postos ao considerar que, como regra xeral, para a correcta execución das funcións destes postos abonda coa titulación e méritos esixidos para pertencer ao grupo/subgrupo correspondente, avaliados nos procesos selectivos de acceso aos mesmos.

2º.- Engádesse a columna correspondente á área funcional na que, no seu caso, se incardina o posto de traballo, segundo a Orde da Consellería de Facenda, do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da comunidade autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm. 90, do 11 de maio), segundo proposta confirmada pola consellería.

3º.- Configúrase a forma de provisión de postos por libre designación e concurso específico, segundo o previsto na Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 4 de marzo) pola que se ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo, e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Cuarto- Ademais destas adaptacións xerais, a presente proposta realiza as seguintes variacións:

a) Amortizacións.

Relación de postos que se suprimen:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CAT.
MA.O12.00.000.15770.021	SUBALTERNO/A	AP	10
MA.O12.00.000.15770.110	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1
MA.O19.10.000.15001.097	XEFATURA SECCIÓN CALIDADE DA EDIFICACIÓN	A1-A2	25
MA.O19.10.000.27001.082	ARQUITECTO/A FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26

Os postos anteriores figuran vacantes sen ocupación, excepto:

Nos postos a amortizar (3 de persoal funcionario e 1 de persoal laboral) atopamos as seguintes incidencias:





- O posto MA.O19.10.000.27001.082 atópase ocupado en comisión de servizos. Así mesmo este posto figuraba reservado ao seu titular, sen embargo neste mes de marzo de 2019 quedou vacante por xubilación.

Cómpre sinalar que entre os postos a amortizar atópase o posto que a continuación se indica, coa observación “Disposición Transitoria 10ª (1ª Parte) do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia”:

MR.O12..00.000.15770.110, vacante dende o 19 de xaneiro de 2018 pola xubilación forzosa do seu titular (Romero Diz, T.).

b) Creacións:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CAT.
MA.O11.00.004.15770.033	ARQUITECTO/A FUNCIONS FACULTATIVAS	A1	26
MA.O11.00.004.15770.052	XEFATURA SECCIÓN CALIDADE DA EDIFICACIÓN	A1-A2	25
MA.O19.10.000.32001.007	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
MA.O19.10.000.32001.008	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12

c) Modificacións:

As modificacións de postos de traballo do organismo, referidas tanto á denominación, centro de destino, código, grupo, titulación e formación específica, están reflectidas no Anexo que se incorpora a este informe.

Entre as modificacións operadas por esta proposta de RPT cabe destacar as seguintes:

- Provisión das Xefaturas de Servizo.

No Anexo de RPT e táboa de equivalencias de postos figura a modificación do sistema de provisión destes postos, de conformidade co art. 91 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, (DOG núm. 82, 4 de maio), xa que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Por conseguinte mudan o sistema de provisión actual de libre designación a concurso específico as xefaturas de servizo ou equivalentes, agás aqueles postos que se relacionan no parágrafo “Quinto” por así xustificarse a súa excepcionalidade.

- Seguindo co criterio seguido por esta dirección xeral dende a regulamentación das áreas funcionais, procédese á eliminación de moitas titulacións dos postos xa que estas serán as requiridas para o acceso ao grupo/subgrupo ou escala correspondente. Só, de xeito excepcional, se considera pertinente manter algunha titulación, ou mérito, para un posto determinado.
- Elimínanse as observacións dos seguintes postos:





MAO191000027001021 Posto Base Subgrupo C2 “ocupado por indefinido non fixo”.

- MAO191000036001048 Xefatura de Negociado III “ocupado laboral fixo”.

Ámbolos dous postos foron adxudicados en destino definitivo mediante concurso de traslados: DOG do 27-9-2016.

Quinto.- O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así mesmo, no artigo 91 da referida norma, establécese que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Nesta proposta, mantense a inclusión desta forma de provisión, de xeito excepcional, nos postos de traballo que a continuación se sinalan:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	CRITERIO
MA.O19.10.000.15001.001	XEFATURA ÁREA PROVINCIAL	<ul style="list-style-type: none"> • Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. • Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo. • Especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia:
MA.O19.10.000.27001.001	XEFATURA ÁREA PROVINCIAL	
MA.O19.10.000.32001.001	XEFATURA ÁREA PROVINCIAL	
MA.O19.10.000.36001.001	XEFATURA ÁREA PROVINCIAL	

Esta excepcionalidade determínase polas funcións que estes postos desenvolven que evidencian o cumprimento dalgún criterio ou atribución dos contemplados na “Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”(DOG Núm. 44, do 4 de marzo de 2016). As funcións figuran xustificadas na memoria funcional da proposta.





De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, este centro directivo **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Incorpórase a este informe o Anexo da RPT, así como as memorias funcionais e económica remitida.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

